



PROBAS SELECTIVAS PARA A COBERTURA DE TRES PRAZAS DA CATEGORÍA PROFESIONAL DE TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE PUBLICACIÓNS, GRUPO III, CONVOCADAS POR RESOLUCIÓN REITORAL De 22 DE FEBREIRO DE 2024 (DOG N.º 47, DE 6 DE MARZO DE 2024)

Exercicio: 2º, tipo Test

Duración: 95 minutos

Santiago de Compostela, 10 de xullo de 2024

1. Os donativos e o intercambio científico de libros devengan dereitos de autor?

- a) Si.
- b) Non.
- c) Depende da decisión do autor.

2. Que tipo de IVE teñen os libros impresos?

- a) 21%.
- b) 4%.
- c) 0%.

3. Que son os repositorios institucionais?

- a) Son sistemas *online* de acceso aberto que teñen o obxectivo de almacenar, preservar e difundir a produción científica.
- b) Son sistemas *online* de acceso restrinxido que teñen o obxectivo de almacenar, preservar e difundir a produción científica.
- c) Son sistemas *online* de acceso aberto ou restrinxido que teñen o obxectivo de almacenar, preservar e difundir a produción científica.

4. En que fase de OMP se pode engadir o rol maquetador/a?

- a) Edición.
- b) Deseño.
- c) Producción.

5. Quen pode depositar en Minerva?

- a) Só os alumnos da USC.
- b) Só o PDI da USC.
- c) A comunidade universitaria.

6. Cal das seguintes afirmacións é a correcta?

- a) Calquera usuario pode solicitar permisos para edición nas webs dos servizos.
- b) Se un documento está dirixido só a persoal da comunidade universitaria, debe estar aloxado na intranet do departamento, servizo, etc. de que se trate.
- c) Na web pública pódese colgar o que se queira onde se queira.

7. Cal destes documentos non debera ser seleccionado para un proxecto de dixitalización?

- a) Aquel de enormes dimensións.
- b) Aquel suxeito a dereitos de propiedade intelectual.
- c) Aquel que conteña moito material gráfico a cores.

8. Dependendo das versións, ao descargar un libro de Excel, con que extensión quedará gardado no noso ordenador?

- a) .xls ou .xlsx
- b) .doc ou .docx
- c) .ppt ou .pptx

9. Unha vez creada unha presentación en Powerpoint, cal das seguintes ferramentas usarías para presentalo nunha sesión virtual?

- a) Teams.
- b) OneDrive.
- c) Outlook.

10. Vas crear un proxecto multimedia: que medios podes usar?

- a) Videoxogos e enciclopedias virtuais.
- b) Texto, hipertextos, audio, imaxe, son.
- c) Imaxe, vídeo e son.

11. A norma ISO 9001:2015:

- a) Está orientada a procesos e certifica sistemas de xestión da calidade.
- b) Certifica produtos de calidade.
- c) Certifica organizacións de calidade.

12. Cando descargamos unha imaxe de Internet podemos estar vulnerando os dereitos do seu creador ou creadora. Que boa práctica podemos levar a cabo para evitalo?

- a) Debemos verificar se é compatible co noso ordenador.
- b) Debemos comprobar que se trata dunha imaxe libre de dereitos.
- c) Debemos buscala e descargala de Wikipedia.

13. En que ano se aprobou a Declaración de Berlín sobre o acceso aberto ao coñecemento?

- a) 2010.
- b) 1999.
- c) 2003.

14. No repositorio Minerva, os Cursos e Congresos, Homenaxes e Outras Publicacións do SPIC está aloxados na comunidade:

- a) Institucional.
- b) Docencia e Innovación Educativa.
- c) I+D+I.

15. Que información é correcta?

- a) Prelo, plataforma de préstamo de libros electrónicos da USC, depende da Vicerreitoría de Cultura.
- b) En Prelo, plataforma de préstamo de libros electrónicos da USC, non están os libros editados polo SPIC.
- c) A Prelo, plataforma de préstamo de libros electrónicos da USC, só se pode acceder coas credencias da USC.

16. A colección «Materiais Didácticos»:

- a) É dixital.
- b) É de libros impresos.
- c) Ten títulos impresos e títulos dixitais.

17. Segundo o seu Regulamento, cales son os órganos de goberno do SPIC?

- a) A vicerreitoría correspondente e a dirección.
- b) A vicerreitoría correspondente e a Comisión Editorial Académica.
- c) A dirección e a Comisión Editorial Académica.

18. Que tipo de licenza Creative Commons teñen as obras en aberto da Libraría Dixital da USC?

- a) BY NC.
- b) BY NC SA.
- c) BY NC ND.

19. As obras á venda na Libraría Dixital da USC:

- a) Poden ter un embargo de seis meses.
- b) Poden ter un embargo de tres anos.
- c) As obras á venda non poden ter embargo comercial.

20. USC Editora é un selo certificado coa norma:

- a) UNE EN ISO 9001:2015.
- b) UNE EN ISO 9001:2008.
- c) UNE EN ISO 9004:2009.

21. Cal destes supostos non é correcto?

- a) Están obrigados a solicitar o número e constituír o depósito legal as persoas editoras con domicilio social en Galicia, calquera que sexa o lugar de impresión ou produción.
- b) Non están obrigados a solicitar o número e constituír o depósito legal as persoas editoras con domicilio social en Galicia, calquera que sexa o lugar de impresión ou produción.
- c) No seu defecto, e segundo o tipo de publicación de que se trate, ten a obriga de solicitar o número e constituír o depósito legal a persoa produtora, impresora, estampadora ou gravadora con domicilio social en Galicia.

22. O suxeito obrigado a constituír o depósito das publicacións en soporte tanxible deberá entregar, en función do tipo de recurso, o seguinte número de exemplares:

- a) 3.
- b) 4.
- c) 5.

23. O contrato de edición deberá formalizarse por escrito:

- a) Se a cesión do autor ao editor ten carácter de exclusiva.
- b) Sempre.
- c) Depende se hai remuneración ao autor, establecida conforme o disposto no artigo 46 da LPI.

24. A Comisión Editorial Académica da USC está composta por:

- a) O vicerreitor correspondente, o director do SPIC, o secretario e tres persoas elixidas polo Consello de Goberno a proposta do vicerreitor.
- b) O vicerreitor correspondente, o director do SPIC e dez persoas en representación das cinco grandes áreas de coñecemento, que serán elixidas polo Consello de Goberno da USC.
- c) Cinco persoas en representación das cinco grandes áreas de coñecemento, que serán elixidas polo Consello de Goberno da USC, intentando recoller tamén na súa composición a realidade dos dous campus da USC.

25. Os avaliadores internos do selo USC Editora:

- a) Teñen que ser catedráticos da USC.
- b) Noméaos a dirección do SPIC oída a Comisión Editorial Académica.
- c) Noméaos o reitor, a proposta do Vicerreitor correspondente, oída a Comisión Editorial Académica.

26. Cales dos seguintes prefixos de ISBN corresponden a España?

- a) 978-84- e 966-66-.
- b) 978-84- e 979-13-.
- c) 979-13- e 966-66-.

27. Aloxar un recurso dixital na Librería Dixital da USC:

- a) É un acto de edición electrónica.
- b) É un acto de reprodución virtual.
- c) É un acto de comunicación pública.

28. A cesión de dereitos dun libro impreso e simultaneamente dixital:

- a) Recóllese nun único contrato.
- b) Esixe un contrato diferente para cada modalidade.
- c) É suficiente con asinar o contrato para a modalidade impresa.

29. O actual Regulamento do Servizo de Publicacións foi aprobado por Consello de Goberno da USC:

- a) En 2005.
- b) En 2010.
- c) En 2008.

30. Cal dos seguintes supostos é correcto?

- a) A venda como saldo sen o consentimento do autor só é posible despois de dous anos da posta inicial en circulación da obra.
- b) A venda como saldo é posible sen o consentimento do autor só é posible despois de cinco anos da posta inicial en circulación da obra.
- c) A venda como saldo sen o consentimento do autor só é posible despois de dez anos da posta inicial en circulación da obra.

31. Se no prazo regulamentario o editor decide destruír o resto de exemplares dunha edición, cal dos seguintes supostos non é correcto?

- a) Deberá comunicarllo ao autor que poderá esixir que lle entreguen gratuitamente todos ou parte dos exemplares, dentro dun prazo de 30 días desde a notificación.
- b) O autor non poderá destinar eses exemplares a usos comerciais.
- c) Deberá comunicarllo ao autor que poderá esixir que lle entreguen gratuitamente todos ou parte dos exemplares, dentro dun prazo de 30 días desde a notificación o autor poderá destinar ditos exemplares a usos comerciais.

32. Consonte o correspondente contrato de edición, cantos exemplares dunha monografía de autor se lle entregan a este gratuitamente?

- a) 20 exemplares en todos os casos.
- b) 30 exemplares se é un autor único.
- c) 10 exemplares a cada autor en caso de máis dun autor.

33. Segundo o Regulamento do SPIC, os traballos procedentes de centros, departamentos, institutos, grupos ou proxectos de investigación:

- a) Serán responsabilidade científica destes e deberán afrontar integramente o seu financiamento.
- b) Serán responsabilidade científica destes e, mediante informe razoado, poderán afrontar o seu financiamento ao 50%, sendo por conta do orzamento do SPIC o outro 50%.
- c) Serán responsabilidade científica destes e, mediante informe razoado, afrontarán o seu financiamento ao 75%, sendo por conta do orzamento do SPIC o outro 25%.

34. Unha vez defendidas as teses de doutoramento, ten a Universidade a obriga de arquivalas na súa integridade en formato electrónico aberto no seu repositorio institucional?

- a) Si.
- b) Non en todos casos.
- c) En ningún caso.

35. Para a implementación exitosa dun xestor de incidencias, é imprescindible ter en conta:

- a) A autentificación de usuarios, os permisos de usuarios e o ciclo de vida das incidencias.
- b) O ciclo de vida das incidencias e os permisos de usuarios.
- c) Os permiso de usuarios.

36. Que significa VEGAP?

- a) Visual Entidad de Gestión de Autores Privados.
- b) Visual Entidad de Gestión de Artistas Plásticos.
- c) Visual Entidad de Gestión de Autores Públicos.

37. Que organización xestiona os dereitos de autor dos pintores, escultores, fotógrafos, ilustradores e videoartistas?

- a) CEDRO.
- b) Axencia do ISBN.
- c) VEGAP.

38. Cal é o propósito de CEDRO?

- a) É una sociedade de xestión que defende os lexítimos dereitos de autores e editores.
- b) É una asociación pública que vela polo uso legal de obras plásticas.
- c) É una organización privada con ánimo de lucro de autores e editores de libros, revistas e outras publicacións.

39. Dentro da cadea loxística os obxectivos finais serían:

- a) Eficiencia e eficacia.
- b) Eficiencia e ecoeficiencia.
- c) Eficiencia, eficacia e ecoeficiencia.

40. O módulo de Prestashop para a configuración dun carrusel de diapositivas chámase:

- a) Slider.
- b) Layout.
- c) Custom texts block.

41. Cal é a definición de STOCK?

- a) Variedade de artigos dunha mesma clase que unha empresa ofrece aos seus clientes.
- b) Cantidade de mercancía depositada ou as existencias dun determinado produto.
- c) As dúas son certas.

42. O picking é:

- a) O proceso de preparación dun pedido, onde se seleccionan e recollen os produtos dos diferentes lugares dun almacén.
- b) A zona onde se realizan as actividades do proceso de recepción.
- c) Espazo no que se produce a expedición e a inspección final das mercadorías.

43. O tipo de identificador de obxecto dixital dos recursos da Librería Dixital da USC é:

- a) Permalink.
- b) UrlNet.
- c) DOI.

44. OMP (Open Monograph Press), que dá soporte ao Portal Dixital de Libros da USC, é:

- a) Un software incorporado ao paquete Microsoft 365.
- b) Un software de código aberto.
- c) Un software propietario.

45. O DRM dos recursos dixitais comerciais da Librería Dixital da USC é:

- a) Kindle.
- b) Adobe Digital Editions.
- c) Advanced Content System.

46. O tipo de identificador de obxecto dixital dos recursos do repositorio institucional da USC é:

- a) Orcid.
- b) Dialnet.
- c) Handle.

47. A última versión do software Adobe Acrobat para a visualización, creación e modificación de PDFs é:

- a) Acrobat X Pro.
- b) Acrobat XI Pro.
- c) Acrobat Pro DC.

48. Cal das seguintes definicións é a correcta sobre DSpace?

- a) É unha aplicación de repositorio de código aberto que permite capturar, almacenar, indexar, preservar e distribuír material Dixital, incluídos textos, vídeo, audio e datos.
- b) É unha aplicación de repositorio de código aberto que permite capturar, almacenar, indexar, preservar e distribuír material Dixital, incluídos textos, audio e datos pero non vídeos.
- c) É unha aplicación de repositorio de código pechado que permite capturar, almacenar, indexar, preservar e distribuír material Dixital, incluídos textos, vídeo, audio e datos.

49. Segundo a súa licenza Creative Commons, os recursos dixitais en acceso aberto da Libraría Dixital da USC:

- a) Poden traducirse libremente a outras linguas.
- b) Non poden traducirse en ningún caso.
- c) So poden traducirse coa autorización expresa do editor.

50. O *backoffice* en PrestaShop:

- a) É o panel de control, deseño e xestión da tenda *online*.
- b) É o bloque de información da tenda *online*.
- c) É o bloque de etiquetas e condicións da tenda *online*.

51. Que software dá soporte ao Portal Dixital de Revistas da USC?

- a) JATS.
- b) OJS.
- c) OCS.

52. O formato axeitado para aloxar un vídeo en internet é:

- a) .jpg
- b) .mp4
- c) .mp3

53. Un recurso dixital en acceso aberto da Libraría Dixital da USC:

- a) Pode comercializarse nalgúns casos.
- b) Necesita do permiso do editor para ser aloxado no repositorio institucional doutra universidade.
- c) Pode ser usado libremente e sen permiso do editor sempre que respecte a licenza Creative Commons.

54. O paquete para a edición de monografías con formatos de saída xml e .pdf (xemelgo de JATS para revistas) chámase:

- a) BCTS (Book Chapter Tag Suite).
- b) OMTS (Open Monograph Tag Suite).
- c) BITS (Book Interchange Tag Suite).

55. O período de embargo comercial dos recursos dixitais da Libraría Dixital da USC:

- a) É variable dependendo do recurso.
- b) É de dous anos en todos os casos.
- c) É de seis meses en todos os casos.

56. Para realizar por primeira vez un autoarquivo en Minerva:

- a) É preciso rexistrarse previamente e solicitar os correspondentes permisos.
- b) Valen as credenciais persoais da USC.
- c) Pode accederse cun certificado dixital.

57. O programa AGC de xestión editorial do SPIC:

- a) Está interrelacionado con DILVE.
- b) Non permite liquidacións de dereitos de autor.
- c) Está integrado en Prestashop.

58. Que tipo de publicacións non deben levar ISBN?

- a) Recursos en acceso aberto.
- b) Monografías dixitais.
- c) Catálogos de exposicións.

59. Decidir se unha obra dixital se vai publicar con PVP ou en acceso aberto:

- a) É unha prerrogativa do editor.
- b) É un dereito do autor.
- c) É un asunto negociable entre editor e autor.

60. Cal destas afirmacións non é correcta?

- a) Os sistemas que utilizan os editores e outros actores da cadea do libro baséanse no ISBN.
- b) O ISBN non é necesario para o funcionamento das terminais de puntos de venda das librarías.
- c) A distribución comercial de libros faise, fundamentalmente, a través do ISBN.

61. Na norma ISO 9001:2015, unha non conformidade:

- a) Supón a retirada inmediata da certificación.
- b) Esixe unha RPS (Revisión Parcial do Sistema).
- c) Esixe un PAC (Plan de Acción Correctiva).

62. Que diferenza hai entre URI e DOI?

- a) A diferenza do sistema URL, usado nas páxinas web, o sistema DOI non cambia co paso do tempo posto que leva información incorporada en forma de metadatos.
- b) Se o artigo é relocalizado nun enderezo distinto o sistema DOI tamén cambia.
- c) Non hai diferenza entre URI e DOI.

63. Cal destas afirmacións non é correcta?

- a) ISSN identifica a publicación seriadas e o ISBN obras monográficas.
- b) ISSN e ISBN son incompatibles.
- c) ISBN identifica tanto obras impresas como dixitais.

64. Cantas series ten o selo USC Editora?

- a) Oito.
- b) Seis.
- c) Cinco.

65. Na norma ISO 9001:2015:

- a) Os obxectivos de calidade e as accións de mellora son de igual rango.
- b) As accións de mellora son de rango superior.
- c) Os obxectivos de calidade son de rango superior.

66. A Xestión do Deposito Legal en Galicia é competencia:

- a) Do Ministerio de Cultura.
- b) Da Xunta de Galicia
- c) Da Biblioteca de Galicia.

67. Que tipo de desconto teñen os membros da Comunidade universitaria o mercar un libro no SPIC?

- a) Ningún.
- b) 25%.
- c) 50%.

68. Que significa o D de DAFO?

- a) Debilidades.
- b) Disfuncións.
- c) Datos.

69. O ISSN pode aplicarse a unha colección de monografías?

- a) Non, só se aplica a revistas científicas e académicas.
- b) Si.
- c) Si, sempre que a colección publique como mínimo dous volumes ao ano.

70. Nunha análise DAFO, cal destas situacións non constitúe unha ameaza:

- a) Dificultades de financiamento.
- b) Falta de habilidades técnicas para o uso de ferramentas dixitais.
- c) Ausencia de liderado.

71. Na intranet do Sistema de Xestión de Calidade, os informes de seguimento se atopan na pestana:

- a) Indicadores.
- b) Axenda.
- c) Documentación.

72. Un recolector:

- a) Non contén documentos, só metadatos.
- b) Contén metadatos e documentos orixinais.
- c) É sinónimo de repositorio.

73. As coleccións «Unidades Didácticas e Esenciais»:

- a) Editáronse inicialmente en papel e actualmente só en dixital.
- b) Sempre se editaron en dixital.
- c) Están promovidas pola Vicerreitoría de Cultura.

74. A taxa impositiva do IVE superreducido é:

- a) 10%.
- b) 0%.
- c) 4%.

75. Que modalidades de pagamento hai na librería punto de venda do SPIC?

- a) Pagamento en metálico ou tarxeta.
- b) Só pagamento en metálico.
- c) Só tarxeta.

76. A colección «Biblioteca de Divulgación, Serie Galicia», admite só orixinais redactados en lingua galega?

- a) Tamén en castelán.
- b) Si.
- c) É decisión da Comisión Editorial Académica.

77. Cal das seguintes series non está dentro do selo de calidade USC Editora?

- a) Clásicos do Pensamento Universal.
- b) Manuais.
- c) CELE Cuadernos de Español como Lengua Extranjera.

78. Que modalidades contempla o intercambio científico do SPIC?

- a) Intercambio regular.
- b) Intercambio ocasional.
- c) Intercambio regular e ocasional.

79. As teses de doutoramento aloxadas no repositorio Minerva teñen un tempo máximo de embargo de:

- a) 6 meses.
- b) 12 meses.
- c) 18 meses.

80. Cantas áreas de coñecemento hai na comunidade de teses de doutoramento en Minerva?

- a) 5.
- b) 4.
- c) 6.

81. Dentro de AGC que serie lle correspondería ás vendas directas?

- a) 0.
- b) 1.
- c) 2.

82. Dentro de AGC que serie lle correspondería ás liquidacións de distribuidoras:

- a) 1.
- b) 2.
- c) 5.

83. Dentro de AGC que serie lle correspondería aos cargos internos:

- a) 2.
- b) 4.
- c) 7.

84. Dentro de AGC que serie lle correspondería aos reembolsos:

- a) 0.
- b) 1.
- c) 2.

85. Que código se lle pon ás facturas cobradas en AGC:

- a) 0.
- b) 5.
- c) 8.

86. Que pode motivar a ocultación de certas partes das teses de doutoramento en Minerva?

- a) As conviccións éticas do autor.
- b) A sospeita de plaxio.
- c) Patentes ou cláusulas de confidencialidade con empresas.

87. Cal é o formato da serie «Clave» de USC Editora?

- a) 150 x 210 mm.
- b) 120 x 185 mm.
- c) 170 x 240 mm.

88. A colección «Discursos Inaugurais»:

- a) É non venal.
- b) Edítase en formato impreso e dixital.
- c) Só se edita en formato impreso.

89. Cal é o formato da serie «Ensaio» de USC Editora?

- a) 150 x 210 mm.
- b) 120 x 185 mm.
- c) 170 x 240 mm.

90. O DOI dos produtos dixitais do SPIC é proporcionado por:

- a) MEDRA.
- b) Ebsco Systems.
- c) CrossRef.

PREGUNTAS DE RESERVA

91. O codebar dos libros impresos:

- a) Xérase a partir do depósito legal.
- b) Xérase aleatoriamente para cada libro.
- c) Xérase a partir do ISBN.

92. Unha licenza Creative Commons:

- a) É incompatible co copyright.
- b) Especifica os límites do copyright.
- c) Só se aplica a produtos dixitais.

93. No caso dun libro coeditado:

- a) Só pode levar un ISBN.
- b) Levará o depósito legal de cada editor.
- c) Pode levar o ISBN de cada editor.

94. Para que na Libraría Dixital da USC un libro amose o galón *Novo formato dixital* na pestana *Catálogo/Produtos* do *backoffice* de Prestashop:

- a) Hai que seleccionar *SEO*.
- b) Hai que seleccionar *Combinacións*.
- c) Hai que seleccionar *Opcións*.

95. A colección «Guías para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero»:

- a) Está promovida polo Centro de Investigacións Feministas e de Xénero (CIFEX).
- b) Edítase en acceso aberto nativo.
- c) Edítase cun embargo comercial de seis meses ata o seu paso a acceso aberto.